

Olga Taussky Todd (Olmütz, 1906-Pasadena, 1995)



Criouse primeiro en Viena e logo en Linz, onde morre o seu pai. Compaxinou os seus estudos co traballo nunha fábrica de vinagre; ao mesmo que impartía clases particulares aos seus compañeiros.

Doutórase en 1930 na Universidade de Viena, e en 1931 obtén unha praza de axudante na Universidade de Göttingen, onde coñece a E. Noether.

En 1934, por ser de orixe xudía, debe emigrar a Gran Bretaña.

En 1937 traballa na Universidade de Londres, onde coñece o seu marido, J. Todd, tamén matemático, que se converterá no seu compañeiro de investigación en matrices reais e complexas, campo prioritario en que é recoñecida como pioneira.

Entre 1947 e 1957 traballa na Oficina Nacional de Estándares de EUA.

Publica traballos sobre *teoría de grupos* e de *matrices*, de vital importancia para o desenvolvemento das computadoras.

Publicou máis de 300 traballos e recibiu multitude de premios e honores.

A partir dos anos setenta, foi nomeada membro de prestixiosas institucións e academias científicas de varios países.

Facilitou durante toda a súa vida a incorporación de novas matemáticas ao ensino superior e á investigación.